



A Rede de Escolas Infantís A Galiña Azul inicia o novo curso con preto de 6.000 nenos e nenas matriculados.

19



A nova Lei de acción voluntaria de Galicia prevé que os voluntarios poidan acreditar a súa experiencia a través de certificacións

11

Dependencia

Benestar incrementa o investimento das libranzas para a adquisición de servizos, que ascenderá a máis de 5,2 millóns

- ▶ O departamento autonómico atenderá co aumento desta partida económica un total de 635 novas solicitudes, algunhas delas pendentes desde o ano 2007
- ▶ As contías máximas destas prestacións oscilan entre os 833,96 euros nos casos de grandes dependentes ata os 401,20 euros dos severos dependentes.

10

Máis dun millar de galegos fórmanse nos cursos de atención sociosanitaria que financia a Consellería de Traballo

- ▶ O departamento autonómico destinou máis de catro millóns de euros a un total de 68 accións formativas que se impartiron desde comezo de ano ata a actualidade
- ▶ O Goberno galego, a través do Plan Sociolaboral, considera prioritario aumentar o nivel de formación dos profesionais do ámbito da dependencia, xa que é un sector cunha posibilidade real de inserción no mercado laboral.

10

DIÁLOGO SOCIAL EN GALICIA



Feijóo salienta que o Acordo de Diálogo Social asinado con sindicatos e patronal "cultiva a unidade en áreas claves para lograr unha Galicia forte e próspera"

- ▶ O pacto acadado prevé uns 1.400 millóns de euros destinados ao desenvolvemento económico de Galicia.

2

Informe do paro rexistrado

Galicia pechou agosto con 211.532 persoas en paro, cun incremento do 0,83% con respecto ao mes anterior

- ▶ A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou en rolda de prensa que a cifra representa un aumento porcentual do 0,83 por cento con respecto ao mes de xullo, fronte ao 1,56% do Estado

4

Sumario

Diálogo social	2	Dependencia	10
Formación-emprego	3-5	Xuventude	11
Seguridade e saúde laboral	6	Breves	12
Igualdade	7	Publicacións	13
Benestar	8-9	Normativa	13-28

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

DIÁLOGO SOCIAL

Feijóo salienta que o Acordo de Diálogo Social asinado con sindicatos e patronal “cultiva a unidade en áreas claves para lograr unha Galicia forte e próspera



- Os pactos inclúen medidas que abranguen “dende o ámbito laboral e industrial” ata “políticas tan importantes como a política social, as infraestruturas ou a ordenación do territorio”, dixo o presidente
- Unha das principais liñas de actuación é a loita contra o desemprego cun investimento de 110 millóns de euros que suporán a contratación de 25.000 persoas nesta lexislatura
- O mandatario galego salientou o “compromiso colectivo cunha Galicia máis e mellor formada”, para o cal se creará unha comisión de formación continua e se redefinirá a Fundación de formación para o traballo
- Núñez Feijóo dixo que con este acordo Galicia se converte “nun referente” a nivel estatal e lembrou que o pacto “segue aberto a todos os que queiran estar nel”.

Santiago, 30 de xullo de 2010.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, salientou que o Acordo de Diálogo Social asinado con sindicatos e patronal “cultiva a unidade en áreas claves para lograr unha Galicia forte e próspera”. Ademais, Feijóo destacou a responsabilidade coa que actúan Goberno, patronal e sindicatos ao ratificar xuntos un total de 15 acordos para o desenvolvemento económico e social de Galicia e que suporán un investimento duns 1.400 millóns de euros. “Compartimos o esencial: o diagnóstico e as receitas, pero tamén traballar no medio e no longo prazo para saír fortalecidos da crise económica”, resaltou Feijóo, quen tamén sinalou que os acordos abranguen actuacións que van “dende o ámbito laboral e industrial” ata “políticas tan importantes como a política social, as infraestruturas ou a ordenación do territorio”.

Pese a importancia das cifras, segundo dixo “preto de 1.000 millóns de euros de investimento que se suman aos case 400 que mobilizará o IGAPE coas súas medidas de apoio”, destacou que o dito acordo “vai máis aló de consecuencias estritamente económicas” xa que nel “radica tamén a proba da forza do noso país e da responsabilidade dos seus representantes sindicais, empresariais e gobernamentais”. Tamén incidiu en que este acordo é un exemplo do que a cidadanía espera dos gobernantes, é dicir, “que afrontemos as dificultades, que teñamos confianza en vencelas e que nos unamos para logralo”.

O mandatario galego debullou os nove puntos básicos deste acordo de Diálogo Social xestado en cinco mesas de traballo que dende xaneiro se reuniron en máis de oitenta ocasións “ata chegar ao día de hoxe, no que presentamos á sociedade un acordo completo, que cultiva a unidade en áreas claves para lograr unha Galicia forte e próspera”.

Apoio ao emprego e aos sectores produtivos

Entre as principais accións, o presidente destacou a colaboración na loita contra o desemprego a través dun investimento de 110 millóns de euros que suporá a contratación de 25.000 persoas nesta lexislatura, así como a modernización do Servizo Público de Emprego.

Así mesmo salientou o “traballo conxunto para lograr unha Galicia inclusiva cos máis desfavorecidos, moito máis necesaria en épocas de crise económica”, para o cal se levará a cabo unha profunda reforma da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) co fin de convertela nunha verdadeira ferramenta de inclusión.

Outro dos puntos esenciais do Diálogo Social é o acordo acadado para reforzar o apoio aos principais sectores produtivos galegos. A este respecto, Núñez Feijóo subliñou o incremento das liñas de financiamento para mobilizar preto de 400 millóns de euros a través do IGAPE, ou o pacto acadado sobre un plan para o sector téxtil.

Formación

No eido da formación, acordouse crear unha Comisión Galega de Formación Continua e redefinir a Fundación Galega de Formación para o Traballo. Segundo dixo o presidente, estas actuacións responden ao “compromiso colectivo para acadar unha Galicia máis e mellor formada, que recoñeza a preparación daquelas galegas e galegos que levan anos traballando, pero que non teñen un título que o acredite”.

Así mesmo, Núñez Feijóo referiuse tamén á coordinación acadada para lograr “unha Galicia máis segura, na que a prevención dos riscos labo-

rais sexa unha materia obrigada”. Para iso, aludiu ao Plan Estratéxico de Riscos Laborais 2011-2014. Outro dos compromisos acordados, foi o de acadar unha Administración “máis simple e útil, que elimine trámites burocráticos e sexa cada vez máis eficaz e próxima aos cidadáns”.

Innovación

Outro dos aspectos nos que inciden os acordos acadados no Marco do Diálogo Social é a aposta pola innovación. Neste eido fomentárase a aposta dos emprendedores pola innovación e polo desenvolvemento a través dun sistema de axudas menos complexo e unha xestión máis dinámica e flexible. Segundo anunciou o presidente, anticipárase ata o 80% do pagamento das axudas, redactárase un novo Plan Galego de Innovación, crearase un observatorio de Innovación e continuarase co apoio aos centros tecnolóxicos. O presidente referiuse tamén ao pacto para ordenar o territorio e á cooperación para facer máis accesible a vivenda. “En definitiva –dixo Feijóo– unidade que proba que todos os que estamos aquí cremos no diálogo social. Non como un fin, senón como un medio” e tamén como “un aliado para atopar as mellores solucións”.

Finalmente, o presidente da Xunta destacou que co acordo acadado, Galicia “volve ser referente” a nivel estatal e lembrou que o pacto “segue aberto a todos os que queiran estar nel”. Así mesmo anunciou que “no futuro inmediato” continuarase co “Plan Estratéxico da Economía 2010-2014, horizonte 2020”, que xa foi debatido cos axentes sociais.

FORMACIÓN - EMPREGO

Traballo inviste 9,3 millóns este ano para habilitar 431 orientadores laborais que axuden os demandantes de emprego

Santiago, 23 de xullo de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano un total de 9,3 millóns de euros en habilitar un total de 431 orientadores laborais, que se ocuparán de axudar os demandantes de emprego galegos a potenciar o seu desenvolvemento profesional e a mellorar as súas decisións autónomas con respecto ao emprego.

O departamento autonómico ocúpase de financiar este servizo, que se prestará tanto nas oficinas do Servizo Público de Emprego como en centros colaboradores. En concreto, nas oficinas de emprego estarán 109 orientadores, mentres que nos centros colaboradores serán un total de 322.

O obxectivo principal da orientación laboral é facilitar o desenvolvemento dos recursos e competencias propias do demandante que lle permitan

identificar opcións laborais e elixir entre elas con autonomía, tomar decisións para planificar actuacións en relación co emprego e avaliar os resultados de forma autónoma.

Polo tanto, os orientadores ocuparanse de determinar os obxectivos profesionais dos demandantes, de explorar as súas competencias xerais e técnicas profesionais, e de concretar un plan inicial de traballo a desenvolver en intervencións puntuais ou nun proceso (itinerario personalizado de inserción). Ademais, e entre outras funcións, estes profesionais tamén se encargarán de potenciar a motivación e autonomía da persoa, fomentar no demandante as estratexias que se deben seguir no proceso de busca do emprego, e afondar no seu diagnóstico de ocupabilidade e no seu grao de empregabilidade.

De feito, co obxectivo de profesionalizar este servizo, axustarse á normativa vixente e ás directrices da Estratexia Europea para o Emprego, así como recoñecer o traballo especializado que comprende, a Consellería de Traballo e Benestar ten como prioridade nesta materia, a creación da categoría profesional de orientador laboral.

É preciso lembrar que poden acudir a este servizo calquera dos demandantes de emprego galegos. Con todo, tendo en conta as actuacións que se levaron a cabo en 2009, pódese definir o perfil do usuario que acude aos orientadores como o dunha muller, maior ou igual a 30 anos, cun nivel académico de EXB e pertencente ao sector servizos.

Traballo potenciará os centros especiais de emprego para mellorar a situación sociolaboral das persoas discapacitadas

Santiago, 24 de agosto de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar destinará un total de 51.000 euros á realización de actividades para mellorar a situación sociolaboral das persoas con discapacidade e das que se atopan en situación ou risco de exclusión social.

O departamento autonómico asinou un convenio de colaboración coa Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego (Cegasal) sen ánimo de lucro para poñer en marcha mecanismos que incrementen as posibilidades de empregabilidade deste colectivo, en concreto, daquelas persoas que están a buscar un posto de traballo.

Así, artellaranse dispositivos de información, orientación e asesoramento sobre o mercado de traballo e porase a disposición destas persoas, profesionais para o desenvolvemento destas tarefas e os medios necesarios para realizar accións de orientación e intermediación con garantías suficientes.

Os obxectivos son fundamentalmente cinco. O primeiro deles é dar continuidade

no funcionamento dun centro de asesoramento, colaboración e acompañamento para a creación e consolidación de novas empresas, que sexa un viveiro de empresas especializado na economía social sen ánimo de lucro.

O segundo fin que se busca é a implantación de sistemas de calidade que teñan en conta as especificidades das empresas da economía social. Ademais, a Xunta aposta por accións formativas sobre un Sistema de Prevención de Riscos Laborais específico, en función das circunstancias individuais dos diferentes colectivos.

O cuarto obxectivo é realizar estudos das posibilidades de negocio en distintos sectores, minimizando a competencia entre os centros especiais de emprego e a busca de novas actividades.

Por último, potenciarase a imaxe dos centros especiais de emprego e das empresas de inserción. Tamén se levará a cabo a promoción e a colaboración entre eles cara a optimizar os resultados das distintas accións.

Traballo destina 12.000 euros á realización de actividades de asesoramento, apoio e formación aos emprendedores

Santiago, 19 de agosto de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar asinou coa Asociación de Seniors Españois para a Cooperación Técnica (SECOT) un convenio para a realización de actividades de asesoramento, apoio e formación aos emprendedores. A consellería vai investir 12.000 euros nesta iniciativa.

SECOT é unha asociación sen ánimo de lucro integrada por empresarios e executivos xubilados e prexubilados quen, voluntaria e independentemente, ofrecen compartir os seus coñecementos e a súa experiencia no eido empresarial, formativo e de servizos sociais.

Este asesoramento, en consideración á súa experiencia en diversos campos da actividade económica empresarial, é sumamente útil e práctico para os novos emprendedores.

O convenio conta con dúas liñas de colaboración. Por unha banda, levarase a cabo un labor de asesoramento de proxectos empresariais, que inclúe consultas técnicas, análise de plans de negocio, asesoramento dun proxecto empresarial, con e sen necesidade de préstamo, titoría e seguimento de implantación e desenvolvemento e asesoramento para a consolidación dos proxectos.

A segunda liña de colaboración consiste na impartición de cursos de formación relacionados coa xestión empresarial, que poderán abranguer temas como calidade, aprovisionamento, creación de empresas, medio ambiente e xeral de vendas, así como auditorías.

INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 2 de setembro de 2010.- O paro rexistrado en Galicia no mes de agosto situouse nas 211.532 persoas, o que supón un aumento dun total de 1.743 persoas con respecto ao mes anterior. Desta forma, o incremento, en termos relativos, é do 0,83% con respecto ao mes anterior, fronte ao 1,56% de incremento do Estado.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou en rolda de prensa que o cambio de tendencia amosado este mes, despois de catro meses de baixas consecutivas, débese fundamentalmente "ao remate dos contratos temporais asinados no período estival sobre todo no sector do comercio".

Neste sentido, sinalou que dentro do sector servizos, e unha vez rematado o período estival, "é o comercio e non a hostalería", onde no mes de agosto están a finalizar os contratos temporais. Pola contra, apuntou que o sector forestal e as activida-

des relacionadas co emprego e o servizo de comidas e bebidas son as que presentan os maiores descenso do paro rexistrado.

Así mesmo, indicou que agosto é un mes que ciclicamente se comporta peor que o resto dos meses do período estival polo remate das contratacións temporais.

De feito, en 2008 o aumento en agosto respecto a xullo en termos absolutos foi de 3.119 persoas (2,09%) e en 2009 de 2.382 persoas (1,24%), fronte ao incremento de 1.743 deste mes, que supón un 0,83%.


Díaz López salientou que, na comparativa por comunidades, Galicia é a cuarta rexión onde menos se incrementou o paro tras Castela e León (0,05%), Cantabria (0,37%) e Aragón (0,52%).

Así mesmo, precisou que pese a esta suba, no tocante á evolución anual, isto é, desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de agosto deste mesmo

ano, o paro baixou en Galicia en máis de 11.300 persoas, o que representa en valores porcentuais unha baixada do 5,07%. Non obstante, engadiu que no mesmo período do ano pasado, o número de persoas desempregadas aumentou na evolución anual en 5.338 persoas, o 2,81%.




Ademais, a directora xeral de Formación e Colocación sinalou que, en termos interanuais o paro rexistrado subiu en todas as comunidades autónomas, estando o incremento relativo en Galicia no 8,34%, fronte ao aumento medio do Estado do 9,38, polo que explicou que "seguimos a ter un diferencial en positivo con respecto ao Estado".

Con respecto aos sectores, o desemprego baixou no sector primario, na pesca e na agricultura nun -2,61%. Na industria aumentou nun 0,74%, na construción un 0,25%, e no sector servizos un 1,25%.



	Parados mes	variación relativa mes anterior
A Rioxa	20.940	-2,54
Melilla	10.125	-1,81
Ceuta	9.986	-1,03
Canarias	260.794	-0,71
Navarra	40.866	-0,18
Castela e León	180.117	0,05
Cantabria	38.209	0,37
Aragón	88.903	0,52
Galicia	211.532	0,83
Illes Balears	73.007	1,24
Madrid	468.609	1,27
Andalucía	877.010	1,54
Asturias	72.956	1,79
Valencia	496.732	1,98
Castela-A Mancha	193.287	2,28
Extremadura	113.866	2,5
Murcia	127.535	2,53
País Vasco	129.293	2,75
Cataluña	555.894	3,1
TOTAL	3.969.661	1,56

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO GALICIA
(Mes en curso - igual mes do ano anterior)



FORMACIÓN - EMPREGO

Traballo destina dous millóns de euros para a posta en marcha de iniciativas empresariais de base tecnolóxica este ano

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na entrega de premios do concurso 'Proxectos e Ideas Innovadoras USC Uniemprende'
- ▶ O departamento autonómico colaborou co certame cunha partida de 18.000 euros, unha iniciativa que recoñece o labor dos emprendedores, xa sexan estudantes, licenciados ou investigadores universitarios
- ▶ A titular da área da Xunta explicou que o Goberno galego impulsa o programa empresa-concepto para a análise e asesoramento de cara á materialización de proxectos empresariais nados no ámbito universitario.



Santiago, 20 de xullo de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar destina este ano un total de dous millóns de euros para a posta en marcha de iniciativas empresariais de base tecnolóxica. Así o destacou a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, na entrega de premios do concurso 'Proxectos e Ideas Innovadoras USC Uniemprende', unha iniciativa da universidade coa que colaborou a Dirección Xeral de Promoción do Emprego cunha partida de 18.000 euros.

O certame recoñece o labor dos emprendedores que presentan proxectos de empresas innovadoras, sempre que os plans estean promovidos por estudantes, licenciados ou investigadores universitarios. "Uniemprende é unha actuación pioneira dentro e fóra de España no impulso de iniciativas emprendedoras desde a universidade", indicou Mato.

Sobre a importancia de apoiar os emprendedores galegos en todos os ámbitos fixo moito fincapé

a conselleira na súa intervención no acto. "Eles son os dinamizadores económicos do noso territorio e na medida que fomentemos as súas iniciativas altamente cualificadas estaremos apostando polo emprego de calidade, por empresas de calidade e por unha alta competitividade", apuntou Mato.

Así, destacou que o departamento autonómico que dirixe, ademais de reservar dous millóns de euros para proxectos de base tecnolóxica impulsa, entre outras actuacións, o programa empresa-concepto para a análise e asesoramento de cara á materialización de proxectos empresariais nados do ámbito universitario.

"Non podemos permitir que as boas ideas creadas polos nosos estudantes e investigadores non teñan cabida en Galicia e, por iso, non debemos deixar de aproveitar esta dose extraordinaria de competitividade e innovación", sinalou.

Por iso, explicou que a consellería está a planificar unha mellora no aproveitamento da transferencia de coñecementos ao servizo da sociedade, incidindo no ámbito dos servizos sociais. Ao respecto, expuxo que o Goberno galego vén de pór en marcha o Plan Sociolaboral que busca a dinamización empresarial neste sector, así como o aproveitamento da creación de empregos que xerará 10.000 postos de traballo anuais ao longo do que resta de lexislatura.

Mato tamén explicou que o Plan Galego de Maiores, que se porá en marcha despois do verán, impulsará a innovación e a investigación aplicadas ao eido dos servizos.

"Por todo iso, hai que loitar pola importancia de que o ámbito empresarial sexa receptivo á política de integración e intercambio de coñecementos", concluíu a conselleira.

O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia oferta o próximo curso un total de 51 accións formativas que dispoñen de 762 prazas

Santiago, 6 de agosto de 2010.- O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, ofertará durante o próximo curso un total de 51 accións formativas, que poñerán a disposición dos interesados 762 prazas. Todas estas actuacións serán de carácter técnico, especializado, gratuito, e orientado ao mundo laboral, principalmente ao sector das TIC.

De todas as accións formativas programadas, un 80 por cento da oferta formativa (41 cursos) inclúe a posibilidade de realizar un exame gratuito de certificación. Deste xeito, ao longo do ano, existirán con carácter xeral dous períodos certificacións. O primeiro deles, no próximo xaneiro, co-

rresponderá coas accións formativas do cuarto trimestre de 2010; mentres que o de xuño de 2011 certificará a formación impartida nos dous primeiros trimestres do vindeiro ano.

Con todo, poderán convocarse procesos certificacións de cursos específicos en datas fóra destes períodos xerais de avaliación. En todo caso, os exames de certificación para conseguir as acreditacións oficiais como "Red Hat Certified Engineer" ou "Scrum Manager" terán lugar o último día do curso.

Practicamente a totalidade das accións formativas serán impartidas no CNTG en Santiago de Compostela, agás algúns cursos que se desenvolverán en Lugo, Ourense, Vigo ou A Coruña. De todos os xeitos, as probas previas de selección ou

os exames de certificación terán lugar sempre no CNTG.

Os interesados poderán consultar a ficha completa de cada curso na páxina web <http://cntg.xunta.es>, onde poderán atopar tamén os criterios de selección, os formularios web de inscrición, e guías para consultar as bolsas de axudas dispoñibles que oferta a Consellería de Traballo e Benestar.



<http://cntg.xunta.es>

SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

A sinistralidade laboral descendeu en Galicia un 5,91% no primeiro semestre do ano

Santiago, 1 de agosto de 2010.- As estatísticas da sinistralidade laboral rexistradas en Galicia durante o primeiro semestre deste ano presentan unha tendencia á baixa consolidada mes a mes, que ofrece un balance semestral dunha redución do 5,91%, en relación co mesmo período do ano anterior.

Así, nos seis primeiros meses de 2010 rexistráronse na comunidade galega 18.738 accidentes, fronte aos 19.914 correspondentes a 2009. Os que maior descenso presentan son os mortais, cunha diminución do 30,77%, mentres que os leves se reduciron un 6,19% e os graves aumentaron un 17,82%.

Por sectores, os datos máis positivos proceden da industria, cunha baixada do 9,10%, seguida da construción, cun 8,11%; servizos, cun 3,81%; e agricultura, cun 3,78%. Só no sector pesqueiro rexistrouse un aumento, establecido no 10,99 %.

Datos de xuño

Os datos máis recentes, correspondentes ao mes de xuño, apuntan a un descenso de accidentes labo-

rais do 11,35%, cun total de 3.162 casos, fronte aos 3.567 rexistrados no mesmo período do ano pasado. Do total dos rexistrados, 3.111 foron leves, 47 de carácter grave e 4 resultaron mortais.

Por sectores, prodúcese en todos unha redución de accidentes, sendo o principal descenso na agricultura, cunha baixada do 22,48%; seguido da construción, cun descenso do 18,17%, e da industria, cun 10,73% menos de accidentes laborais. Por provincias, a totalidade destas presentan unha tendencia á baixa, cunha diminución do 17,96% en Pontevedra; dun 12,61% en Lugo; dun 7,50% na Coruña e dun 1,8% en Ourense.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade, é preciso tomar en consideración o índice de incidencia, é dicir, a comparación entre os datos de accidentes en relación co número de traballadores coas continxencias de accidente cubertas.

A variación do índice de incidencia total dos accidentes de Galicia supón unha diminución do 9,46%, ao pasar do 431,42 en xuño de 2009 aos 390,61

accidentes por cada 100.00 traballadores no 2010. Esta diminución é menor que a da contabilidade dos accidentes por mor de que tamén diminuíron os traballadores afiliados. O índice de incidencia máis favorable foi na agricultura, cunha diminución do 17,29%, seguido da construción cun 8,83%.



O ISSGA forma a 1.832 empresarios e traballadores no primeiro semestre do ano para reducir a sinistralidade laboral

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2010.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) –dependente da Consellería de Traballo e Benestar- desenvolveu, ao longo do primeiro semestre de 2010, un total de 27 accións formativas, nos seus catro centros provinciais, nas que participaron un total de 1.832 empresarios e traballadores.

Este amplo programa formativo levouse a cabo ao abeiro do Plan Estratéxico de Prevención dos Riscos Laborais 2006-2010 co obxectivo de avanzar na cultura da prevención dos riscos durante a xornada laboral, xeneralizar a incorporación de rutinas básicas de seguridade nos centros de traballo e, en definitiva, reducir os riscos inherentes ao exercicio da actividade laboral e, consecuentemente, a sinistralidade.

Todas as accións formativas foron impartidas por técnicos do ISSGA e por expertos de mutuas, empresas e outras entidades. Ademais, a oferta formativa do ISSGA está diferenciada en xornadas técnicas monográficas e cursos básicos de prevención de riscos laborais.

As xornadas técnicas –un total de 17 no primeiro semestre- están orientadas a un amplo abano profesional, tanto a empresarios, como traballadores, cadros e dirixentes sindicais, técnicos de empresas e institucións

públicas, etc. Os 1.299 participantes accederon a contidos formativos específicos, en función do seu perfil de interese profesional, impartidos por expertos do ISSGA en colaboración con universidades, mutuas, empresas, sindicatos e outras entidades.

Entre outras materias, o ISSGA dedicou as xornadas monográficas do primeiro semestre aos riscos derivados do traballo con plataformas elevadoras, da exposición a axentes químicos, da toxicoloxía laboral, de coordinación de actividades empresariais, de equipos de traballo e máquinas e de dermatose profesional para médicos do traballo.

No que atinxe aos cursos básicos –un total de 10 no primeiro semestre- están dirixidos preferentemente a empresarios, co obxecto de dotalos da capacitación necesaria para xestionar a prevención nas súas propias organizacións. Os 533 asistentes aos cursos recibiron formación sobre riscos xerais, riscos específicos inherentes á actividade da súa empresa, xestión da prevención de riscos e primeiros auxilios, co valor engadido de que os coñecementos adquiridos polos empresarios teñen un efecto multiplicador, xa que son aplicados posteriormente na xestión dos recursos humanos, beneficiando a todo o cadro de persoal da empresa.

Pola súa singularidade e sensibilidade cara aos colectivos con discapacidade, destaca a iniciativa do ISSGA, pioneira en España, de adaptar os seus cursos básicos de formación á linguaxe de signos para a comunidade xorda. En abril tivo lugar no centro do ISSGA na Coruña un curso destas características para que os traballadores con disfunción auditiva poidan responder axeitadamente ante calquera situación de perigo laboral.

Esta formación, a medida das necesidades dos traballadores con discapacidade auditiva, é impartida con material audiovisual de apoio, elaborado e adaptado polo ISSGA ás necesidades específicas deste colectivo, na súa totalidade en linguaxe de signos.

Próximas xornadas

Na programación formativa do segundo semestre do ano destacan as xornadas de xestión do risco derivado do amianto, que terán lugar na Coruña do 20 ao 22 de setembro, coa participación de destacados expertos na materia; así como os cursos específicos para fomentar a implantación da prevención de riscos no sector primario, con sesións para os profesionais do sector agropecuario e forestal, que se realizarán en Lugo en setembro, e do sector pesqueiro que terán lugar no centro do ISSGA en Rande en outubro.

Traballo pon en marcha “Executiva”, un programa pioneiro que formará mulleres para postos de liderado e decisión



- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou este proxecto que comezará a súa andaina tras o verán
- Trátase dunha iniciativa “formativa e orientativa” dotada con 200.000 euros e aberta a 200 mulleres de entre 25 e 45 anos
- Galicia é a segunda comunidade autónoma en España que dispón dun proxecto destas características
- O obxectivo é por instrumentos ao servizo do colectivo feminino para paliar a “escasa presenza de mulleres en postos de responsabilidade”.

A Coruña, 9 de xullo de 2010.- A Conselleira de Traballo e Benestar porá en marcha, tras o verán, o ‘Programa Executiva’, unha iniciativa pioneira a través da que se ofrecerá formación gratuita a 200 mulleres para postos de liderado e decisión. Deste xeito, Galicia convértese na segunda comunidade autónoma que dispón dun programa destas características.

Así o explicou hoxe a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, en rolda de prensa. Na súa intervención, a titular do departamento autonómico lembrou que esta iniciativa vén dar cumprimento ao compromiso adquirido polo Goberno galego de poñer en marcha medidas que favorezan o acceso das mulleres a postos de liderado e decisión.

Neste sentido, destacou que esta acción se explica pola decisión que toma a consellería de pór en marcha instrumentos para paliar “un asunto tan longamente denunciado nos últimos anos: a escasa presenza de mulleres en postos de responsabilidade”. Ao respecto, lembrou que a media de representación feminina nos altos cargos das principais empresas españolas é do 9,8 por cento, pese a que as mulleres “son maioría entre os estudantes universitarios”.

Polo tanto, deseñouse un programa “esencialmente formativo, orientativo”, que ten como fin “potenciar as cualidades e habilidades de liderado” entre as súas participantes. O proxecto conta cun investimento de 200.000 euros que permitirá ofrecer este tipo de formación de xeito gratuito.

Deste xeito, o ‘Programa Executiva’ estará aberto á participación de 200 mulleres, que serán seleccionadas por orde de inscrición, sempre e cando encaixen nos perfís aos que

vai dirixida esta iniciativa. Pódense definir como destinatarias as mulleres de entre 25 e 45 anos, con responsabilidades de tipo directivo de diferentes niveis. Tamén poden ser beneficiarias as emprendedoras autónomas, xerentes de pequenas ou medianas empresas, ou aquelas que queiran poñer en marcha o seu propio proxecto. Inclúese, ademais, o perfil daquelas mulleres que pretenden un impulso profesional, unha promoción ou un cambio de traxectoria.

As inscricións realizaranse a través dun portal web, que se porá en marcha no mes de setembro. A este portal poderán acceder sen limitación todas as mulleres que o desexen, estean ou non no programa formativo, e no que atoparán unha serie de orientacións en liña sobre as habilidades de liderado.

No que respecta ao desenvolvemento da iniciativa, consistirá en accións formativas e orientativas de carácter presencial. Está deseñada de modo que as participantes irán accedendo a fases máis específicas da formación en función das súas habilidades e capacidades, co fin de fomentar ademais da competitividade o liderado empresarial.

Na primeira fase, as 200 mulleres seleccionadas terán acceso a un seminario de 8 horas lectivas. Estas actuacións baséanse na motivación e nunha aproximación ás habilidades básicas de liderado. Tras as probas deste seminario, haberá unha selección, coa que das 200 participantes iniciais, un total de 80 pasarán á seguinte fase do programa, que serán obradoiros de traballo, de 20 persoas cada un. Neles tratarase unha competencia de liderado concreta.

Rematados estes obradoiros, farase unha

selección de 5 mulleres de cada grupo. Deste xeito, só 20 participantes chegarán á última fase, consistente na titorización ou ‘coaching’ individual. Polo tanto, esta parte da formación está deseñada para profesionais de “moi alto potencial” e traballará no desenvolvemento de capacidades de liderado, con accións individuais e personalizadas.

En definitiva, todo o programa, que se desenvolverá entre os meses de setembro e xaneiro de 2011, é unha “acción específica” para a adquisición de habilidades directivas por parte das mulleres, co fin de facilitar o seu acceso a postos de responsabilidade.

Mato subliñou que o obxectivo é poder ampliar este programa de cara ao próximo ano, en función dos resultados acadados nesta primeira convocatoria.

Outras actuacións

Con todo, a conselleira fixo fincapé en que o ‘Programa Executiva’ “en ningún caso pode considerarse de forma illada”. Así, destacou que o departamento autonómico vén de poñer en marcha a Marca Galega de Excelencia Empresarial en Igualdade e de elaborar un catálogo de empresas obrigadas a facer plans de igualdade. Recordou tamén que se está a definir, no diálogo social, o Plan de Emprego Feminino.

Por outra banda, sinalou que a consellería creou a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, o que permite que “por primeira vez na nosa comunidade” se revisen todos os textos dos convenios colectivos para valorar o cumprimento da normativa en materia de igualdade de xénero. Polo tanto, o departamento está a elaborar, dentro das súas competencias, diversas ferramentas para poder acadar a “equidade real en materia laboral”.

As accións formativas do Plan de Inclusión chegaron a preto de 500 persoas no que vai de ano

- ▶ O obxectivo é incrementar as opcións de inserción laboral dos participantes.

Santiago, 16 de agosto de 2010.- As distintas accións formativas organizadas polos técnicos do II Plan Galego de Inclusión Social (II PGIS) contaron no que vai de ano con preto de 500 participantes.

Así, dende o mes de xaneiro 69 persoas asistiron a un curso de competencias persoais, accións cunha duración de 30 horas nas que se tratan contidos como o desenvolvemento persoal e habilidades sociais, a comunicación interpersoal, a resolución de conflitos ou a autoestima.

Outros 63 participantes no II PGIS recibiron formación en técnicas de busca de emprego, abordando ao longo de 25 horas cuestións como as demandas do contorno, a determinación do propio perfil profesional, fontes de información e recursos para o emprego, procesos de selección de persoal ou ferramentas de procura dun posto de traballo.

Outra tipoloxía de accións organizada no marco do PGIS, a formación ocupacional, chegou no que vai de ano a 240 persoas. Constitúese

como un instrumento para adaptar a formación ás necesidades das empresas e para proporcionar aos participantes coñecementos cualificados e nestes meses impartíuse en ámbitos como atención sociosanitaria a persoas dependentes, limpeza industrial, operacións básicas de cociña, manexo de carretilla ou para a obtención do carné de manipulación de produtos fitosanitarios.

Ata finais de ano

Ademais destes cursos, no primeiro semestre do ano deron comezo tamén outras accións que seguirán a desenvolverse ata os meses de novembro e decembro, como son os cursos de alfabetización básica e de español para inmigrantes e o carné de conducir B.

Os primeiros, alfabetización básica e español para inmigrantes, arrancaron o pasado 15 de xuño en 15 concellos galegos e prolongaranse ata o 15 de decembro. Os asistentes, un total de 210 persoas, recibirán 156 horas de formación. O II PGIS destina 162.460 euros a esta formación.

Pola súa banda, dende o pasado mes de

maio e ata o mes de novembro 93 persoas reciben a preparación para a obtención do carné de conducir B en 36 autoescolas das catro provincias, dependendo do lugar de procedencia do participante. Esta preparación inclúe tanto as clases teóricas como a realización das prácticas.

O II PGIS destina a esta actuación un total de 87.671,80 euros entre o custo da formación e as axudas ao desprazamento programadas para aquelas/es participantes que vivan en zonas rurais, lonxe da autoescola de referencia, ou teñan a súa mobilidade reducida de forma permanente ou temporal.

Itinerarios personalizados

A asistencia a cada tipo de curso decídese en función dos itinerarios personalizados de inserción, un percorrido deseñado polos equipos de inclusión para cada unha das persoas participantes no II PGIS co obxectivo final de mellorar o seu perfil profesional e, polo tanto, as súas opcións de acceder a un posto de traballo.

O II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013 está cofinanciado polo Fondo Social Europeo e pola Xunta de Galicia e é xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Benestar porá en marcha un programa específico para mellorar a atención das persoas maiores que viven soas

- ▶ O departamento autonómico asinará cos concellos no próximo mes de outubro un protocolo de colaboración para implantar a iniciativa o antes posible
- ▶ Un dos obxectivos deste plan é favorecer o mantemento da persoa maior no seu contorno durante o maior tempo posible.

Santiago, 15 de agosto de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar está traballando nun programa específico para mellorar a atención e a calidade de vida das persoas maiores que viven soas. Para levar a cabo a iniciativa, o departamento autonómico prevé asinar cos concellos o próximo mes de outubro un protocolo para sentar as bases de colaboración co obxecto de implantar o programa o antes posible.

A cooperación coas administracións locais

permitirá actuar dunha forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e de organización para un mellor cumprimento dos fins en beneficio da cidadanía.

En concreto, os obxectivos principais do programa que se porá en marcha nos próximos meses son favorecer o mantemento da persoa maior no seu contorno durante o maior tempo posible; potenciar a participación dos maiores nas relacións interpersonais, o lecer e tempo libre; desenvolver alternativas de convivencia para as persoas maiores; e, por último, poñer en marcha plans que favorezan a cooperación social a través do voluntariado e grupos de auto axuda.

A este último respecto, a Consellería de Traballo e Benestar pretende potenciar os programas de acompañamento que xa realizan os voluntarios, así como as relacións de boa veciñanza ou os bancos de tempos. Trátanse, todas elas, de iniciativas con bos resultados xa probados nas políticas de benestar doutros países da

Unión Europea.

Ademais, a Administración autonómica promoverá a axuda no fogar e as modalidades de teleasistencia avanzada coa finalidade de proporcionar o apoio afectivo e procurar a integración social dos maiores que viven sós para evitar o seu illamento e, polo tanto, o risco de dependencia.

Todas estas serán as liñas estratéxicas que porá en marcha o departamento autonómico, ademais de programas específicos de lavandería domiciliaria. Así mesmo, a promoción de actividades que están a desenvolver as entidades de iniciativa social neste campo serán obxecto de estudo de cara a que pasen a formar parte do programa autonómico de xeito global.

En definitiva, con esta iniciativa da Xunta o que se pretende é dar resposta ás necesidades das persoas maiores favorecendo a súa permanencia no seu contorno habitual de vida, proporcionándolles unha atención integral, impulsando uns servizos de apoio no fogar diversificados, así como unha serie de programas de atención en centros de día.

A Rede de Escolas Infantís A Galiña Azul inicia o novo curso con preto de 6.000 nenos e nenas matriculados

- ▶ A oferta de prazas supera en 800 á do mes de setembro do ano pasado e a rede conta con 13 centros máis
- ▶ Co cheque infantil, os centros municipais subvencionados e os de iniciativa social, as prazas sostidas con fondos públicos acadan este curso as 15.400
- ▶ Durante os meses de verán realizáronse obras de mellora en dez equipamentos
- ▶ A planificación da actividade nas escolas durante os primeiros días facilitará a adaptación dos pequenos.

Santiago, 30 de agosto de 2010.- O novo curso na Rede de Escolas Infantís de Galicia A Galiña Azul arrancou o 1 de setembro con 5.964 nenos e nenas de entre 0 e 3 anos matriculados nos centros das catro provincias galegas.

A oferta actual da rede ascende a un total de 120 centros, 13 máis que no mes de setembro do ano pasado, e xunto co cheque infantil, os centros municipais subvencionados e os de iniciativa social o total de prazas de escola infantil sostidas con fondos públicos no curso 2010-2011 ascende a 15.400.

Así, ao longo do primeiro semestre de 2010 o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar puxo en funcionamento novas escolas nos concellos de Ferrol, Marín, Vilagarcía, Silleda, Coto-

bade, Foz, Ares e Ames e incorporou á rede a de Quiroga, ata entón xestionada polo concello.

Ademais desas aperturas, no inicio deste novo curso a rede conta con catro centros novos que abren as súas portas o 1 de setembro. Eses centros son a escola infantil de Barro, con 61 prazas; a escola infantil de Cangas-O Hío, con 74 prazas; a escola infantil de Chantada, que con 41 prazas xa estaba a ser xestionada polo concello e pasa agora á rede A Galiña Azul, e a escola infantil do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra, con 32 prazas.

En total, as escolas da rede, o cheque infantil, os centros municipais subvencionados e os de iniciativa social elevan a oferta de prazas sostidas con fondos públicos ao comezo do curso 2010/2011 a 15.400.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aproveitou ademais os meses de verán para acometer obras de mellora ou reforma nas escolas de Oleiros-A Canteira, Rianxo, O Valadouro, Vilamarín, O Pereiro de Aguiar, Cerdedo, O Grove, Moraña, Tomiño e Portas, cun investimento total de 397.696,38 euros.

Preinscrición aberta en novos centros

Ademais do inicio de curso nestas 120 escolas infantís, o Consorcio Galego de Servi-



zos de Igualdade e Benestar abriu durante o mes de agosto o prazo de preinscrición e matrícula en oito escolas infantís que entrarán en funcionamento nos próximos meses.

Así, ata o vindeiro 10 de setembro poden presentarse solicitudes para as novas escolas da Coruña-Monte Alto, A Coruña-Parque de Eirís, Mos-Coto Torcón, Pontevedra-A Parda, Pontevedra-Universidade, Sada, Santiago de Compostela-Tras Parlamento, e Vigo-Valadares. Os lugares de presentación e a documentación requirida poden consultarse na páxina web www.igualdadebenestar.org.

As listas provisionais de admitidos e de agarda non se publicarán ata o 17 de setembro e, tras un prazo de reclamacións e a publicación das listas definitivas, a matrícula nestas escolas infantís formalizarase do 5 ao 15 de outubro.

Cara ao 2011, a planificación contempla a construción e entrada en funcionamento doutras 25 escolas infantís. O incremento de prazas 0-3 sostidas con fondos públicos é unha das actuacións recollidas no Plan de Actuación Social 2010-2013 co obxectivo de crear nesta lexislatura un total de 4.500 e de achegar deste xeito a oferta á ratio de cobertura do 33 por cento recomendada pola UE.

Adaptación á vida escolar

En canto ao desenvolvemento da actividade neste novo curso nas escolas infantís, na planificación dos primeiros días, os profesionais están a ter en conta as características dos nenos e nenas de cada escola, é dicir, se se incorporan por primeira vez ao centro ou se volven dun período de vacacións.

Neses casos, a incorporación faise de xeito paulatino comezando cunhas xornadas compartidas cos pais ou nais e incrementando progresivamente o número de horas de asistencia. Esa adaptación non é tan necesaria no caso de nenos que xa estaban a asistir á escola no mes de agosto.



Beatriz Mato na inauguración da escola infantil de Ares o pasado 14 de xullo

DEPENDENCIA

Benestar incrementa o investimento das libranzas para a adquisición de servizos, que ascenderá a máis de 5,2 millóns

- ▶ O departamento autonómico atenderá co aumento desta partida económica un total de 635 novas solicitudes, algunhas delas pendentes desde o ano 2007
- ▶ As contías máximas destas prestacións oscilan entre os 833,96 euros nos casos de grandes dependentes ata os 401,20 euros dos severos dependentes.

Santiago, 8 de agosto de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de incrementar o investimento destinado ás libranzas para a adquisición dun servizo, unha iniciativa que ten por obxectivo facilitar ás familias galegas por medio dunha prestación a adquisición dun servizo privado de atención residencial ou diúrna e de axuda no fogar cando desde a Administración autonómica non sexa posible ofrecer este servizo mediante a rede de centros e programas públicos.

Así, a Xunta destinará a este fin máis de 5

millóns de euros, xa que o departamento autonómico sumará aos tres millóns e medio de euros inxectados no pasado mes de abril, máis dun 1.700.000, polo que a contía global ascende a máis de 5,2 millóns.

Co aumento deste investimento, que ten como obxectivo mellorar e axilizar a tramitación da Lei de dependencia, o Goberno galego poderá atender un total de 635 novas solicitudes, algunhas delas pendentes desde o ano 2007. Coa contía que inxectou en abril, a Xunta xa deu resposta a 433 peticións de libranzas para a

adquisición dun servizo e prevé atender outras 202 máis nos próximos meses.

O departamento autonómico dinamiza, desta forma, esta prestación que mitiga a contía que supón o custo dos servizos nas economías familiares das persoas en situación de dependencia. A contía máxima destas prestacións oscila entre os 833,96 euros nos casos de dependencia de grao III, nivel 2 (grandes dependentes) ata os 401,20 euros para os dependentes de grao II, nivel 1 (dependentes severos). Non obstante, estes importes poden ser inferiores en función da capacidade económica dos solicitantes.

Nesta liña de axilizar a tramitación da Lei de dependencia, o Goberno galego segue a traballar para ofertar uns servizos de calidade e, en consecuencia, e como obxectivo prioritario, mellorar a atención e a calidade de vida das persoas en situación de dependencia.

Máis dun millar de galegos fórmanse nos cursos de atención socio sanitaria que financia a Consellería de Traballo

- ▶ O Goberno galego, a través do Plan Sociolaboral, considera prioritario aumentar o nivel de formación dos profesionais do ámbito da dependencia, xa que é un sector cunha posibilidade real de inserción no mercado laboral.

Santiago, 26 de agosto de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar destinou no que leva transcorrido de ano máis de catro millóns de euros a un total de 68 cursos de formación en atención socio sanitaria. Un total de 1.010 galegos e galegas beneficiáronse desta iniciativa, que ten por obxectivo mellorar a formación dos profesionais que exercen ocupacións relacionadas cos servizos a domicilio e en institucións sociais para atender a persoas en situación de dependencia.

O proceso de envellecemento da sociedade actual xunto coa incorporación da muller á vida laboral está a incrementar progresivamente o número de persoas en situación de dependencia, o que precisa de máis profesionais neste ámbito. Estas actividades laborais, ademais, son as que dan mellores resultados en Galicia se temos en conta a súa evolución contractual nos últimos cinco anos, pese ao momento actual do mercado de traballo.

Así, o departamento autonómico considera preciso priorizar e aumentar o nivel de formación,

tanto para os traballadores deste sector en activo, como para aqueles que vexan neste ámbito unha posibilidade real de inserción no mercado laboral, un dos obxectivos principais do Plan Sociolaboral da Xunta de Galicia.

Este plan tamén tivo en conta que as persoas que están a desenvolver este tipo de ocupacións normalmente responden a un perfil de baixa ou ningunha cualificación.

Desta forma, a Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha este ano un total de 41 cursos de atención sociosanitaria para atender a persoas no seus domicilios. Nesta acción, da que se beneficiaron 615 alumnos e alumnas, a área autonómica investiu máis de 2,7 millóns de euros.

Pola súa banda, o departamento da Xunta financiou 27 cursos para a atención de persoas dependentes en institucións sociais. Traballo destinou a esta iniciativa máis de 1,3 millóns de euros e nas accións formativas participaron un total de 395 galegos e galegas.

Por provincias e tipo de curso

No que se refire aos cursos de atención sociosanitaria a persoas no domicilio, na provincia da Coruña impartíronse un total de 13 cursos para 195 alumnos. O investimento foi de máis de 890.000 euros.

En Ourense as 10 accións formativas, desenvolvidas pola Consellería de Traballo e Benestar cun custo de máis de 600.000 euros, acudiron 150 alumnos. Pola súa banda, en Lugo, o departamento autonómico destinou preto de 415.000 euros para seis cursos dos que se beneficiaron 90 galegos e galegas. Na provincia pontevedresa as clases impartidas foron un total de 12 para 180 persoas e o investimento ascendeu a preto de 795.000 euros.

Con respecto aos cursos de atención a persoas dependentes en institucións sociais, o Goberno galego financiou cunha partida de máis de 448.000 euros un total de 9 accións na Coruña, das que se beneficiaron 130 alumnos.

En Lugo, a achega da área autonómica para esta iniciativa foi de preto de 211.000 euros, coa que se puideron impartir 4 cursos aos que acudiron 60 cidadáns. Na provincia ourensá, 130 alumnos formáronse nas 9 accións que se organizaron. Para iso, Traballo destinou preto de 451.000 euros. Por último, en Pontevedra impartíronse 5 cursos para 75 alumnos e o investimento foi de máis de 266.000 euros.

A nova Lei de acción voluntaria de Galicia prevé que os voluntarios poidan acreditar a súa experiencia a través de certificacións

Santiago, 17 de agosto de 2010.- O Goberno galego está a modificar a Lei de acción voluntaria de Galicia para introducir melloras coa finalidade de facer a normativa máis eficiente e efectiva. A Consellería de Traballo e Benestar xa ten listo o borrador do anteproxecto da lei que xa remitiu ás principais asociacións de acción voluntaria da Comunidade autónoma para que poidan achegar as suxestións que consideren convenientes.

Como gran novidade, a normativa introducirá a posibilidade de que os voluntarios poidan obter certificacións da súa participación nas actividades que desenvolvan a fin de poder acreditar un historial de experiencias de voluntariado. De feito, o borrador do anteproxecto de lei contempla a remisión das certificacións ao rexistro de acción voluntaria, que pretende que non se limite a ser un rexistro de entidades. Por iso, a Xunta avoga por crear unha sección encargada do depósito da documentación remitida en relación con estas certificacións.

Neste sentido, é preciso salientar a necesidade de plasmar o recoñecemento do labor dos voluntarios e a súa certificación por parte das administracións mediante un sistema europeo común, tal e como marca a Unión Europea.

Así mesmo, o borrador do anteproxecto de lei integra como sector novo de actuación da acción voluntaria o fomento de novas tecnoloxías e incorporáranse novas accións de fomento do voluntariado. En

concreto, preténdese lograr unha maior continuidade temporal do compromiso das persoas voluntarias, así como promover o voluntariado nos centros educativos e fomentar a acción voluntaria corporativa que desenvolven as empresas no seu contorno económico e social.

Ademais, e por razóns de eficiencia, outorgárase un maior protagonismo ao Consello Galego de Acción Voluntaria que pasará a asumir funcións inicialmente previstas nalgúns órganos como son a Comisión Interdepartamental, o foro ou a rede de acción voluntaria. O borrador do anteproxecto da normativa tamén promoverá a obtención de datos estatísticos, xa que están a ser demandados polas institucións da UE.

Por outra banda, e coa finalidade de que a nova normativa sexa máis efectiva, introducíronse modificacións na estrutura da lei. En concreto, reducíronse o número de títulos, polo que o borrador do anteproxecto queda estruturado en tres grandes apartados: disposicións xerais, suxeitos de acción voluntaria e da acción administrativa.

En coherencia con esta nova estrutura, reordenáronse os capítulos dun modo máis sintético para favorecer a lóxica interna da lei.

Cara a unha visión europea

A Xunta de Galicia considera preciso modificar esta lei para adaptala ás novas liñas do voluntariado da Unión Europea, uns eixes que foron plasmados no documento 'Study on Volunteering in the European

Union. Final Report' elaborado o 17 de febreiro de 2010. A Unión Europea, aproveitando que en 2011 se celebra o Ano Europeo do Voluntariado, consolidou as liñas fundamentais das políticas públicas nesta materia.

Así, o borrador do anteproxecto elaborado polo Goberno galego xira cara a unha visión europea do voluntariado, abrindo as portas á colaboración e ao intercambio de experiencias dos voluntarios no marco máis amplo do territorio comunitario.

A tramitación do anteproxecto

Unha vez que a Xunta recolla e estude as achegas que realicen os colectivos implicados no eido do voluntariado, a Consellería de Traballo e Benestar presentará o anteproxecto de lei no proceso do diálogo social a efectos de información e de que se fagan máis achegas para a redacción do futuro proxecto de lei.

Presentado o borrador do documento no diálogo social, o seguinte paso será a remisión do texto a diferentes departamentos da Xunta para o seu informe, como é o caso do Servizo Galego de Igualdade do Home e da Muller, para que analice o seu impacto de xénero. O documento deberá someterse despois ao ditame preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia.

Por último, o documento remitirase ao Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación e posterior tramitación como proxecto de lei.

Os voluntarios locais e europeos do programa Xacobeo da Xunta atenderon máis de 15.500 peregrinos entre maio e xullo no Pino

O Pino (A Coruña), 30 de agosto de 2010.- Máis de 15.500 peregrinos foron atendidos na localidade coruñesa do Pino ao longo dos meses de maio, xuño e xullo polos voluntarios do programa Xacobeo 2010, que puxo en marcha a Xunta de Galicia este ano con motivo da celebración do Ano Santo.

Precisamente, o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro Tato, visitou os participantes desta iniciativa para agradecerlles o labor que están a desenvolver e que non só consiste en ofrecer aos peregrinos a información que precisan en cada momento, senón que, ademais, ofrecen unha programación dinámica e diversa.

O Programa Voluntariado Xacobeo 2010 abrangue os distintos aspectos da peregrinación no coidado e atención dos peregrinos, incluíndo, para iso, ata cinco iniciativas diferentes: o voluntariado local, Eu Camiño, o voluntariado da sabedoría, o sanitario e os campos de traballo.

No tocante ao voluntariado local, a iniciativa organízase en tres modalidades: o voluntariado informativo, cultural e de servizos, que ofrece basicamente información a través duns puntos fixos situados nos concellos do Cebreiro, Triacastela, Sarria, Portomarín, Palas de Rei, Melide, Arzúa e O Pino (do Camiño francés); Tui, A Guarda e Pontevedra (no Camiño portugués); Padrón pola ruta de Arousa; Laza, Ourense, Xunqueira

de Ambía e Lalín pola Vía da Prata; Ribadeo e Vilalba do Camiño do Norte; Lugo polo Camiño Primitivo; Mesía polo Camiño inglés; e, por último, Negreira e Fisterra, os concellos representantes do Camiño de Fisterra.



Participantes do programa Xacobeo

A Xunta presenta o borrador do decreto do Consello Galego do Traballo Autónomo ás asociacións representativas do colectivo

Santiago, 16 de xullo de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar presentou o borrador do decreto polo que se creará o Consello Galego do Traballo Autónomo. Esta presentación tivo lugar durante a terceira xuntanza da mesa de debate sobre a situación do traballador autónomo, na que estiveron as asociacións representativas do colectivo ás que se lles solicitou a súa colaboración.

É preciso lembrar que esta mesa, presidida polo director xeral de Promoción do Emprego, Andrés Hermida, está composta por representantes das direccións xerais de Promoción do Emprego e de Formación e Colocación; do IGAPE; e das principais asociacións profesionais de traballadores autónomos de Galicia: ATA-Galicia, FEAGA, UPTA-Galicia, OAP Galicia, APE-Galicia, CEAT Galicia, CAYPE e OPA.

O programa "TIC TAC Galicia" mellorará o acceso á sociedade de información de persoas con discapacidade

Santiago, 29 de agosto de 2010.- O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través de Red.es e a Xunta de Galicia asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa "TIC TAC Galicia", cofinanciado con fondos FEDER. A iniciativa persegue reforzar con novo equipamento

os centros públicos para mellorar a accesibilidade á sociedade da información das persoas con discapacidade a través de actividades formativas e do uso da administración electrónica. O acordo contempla un investimento de 820.000 euros en Galicia.

Traballo porá en marcha durante 2010 a BANG, unha rede galega de investidores privados

Santiago, 14 de agosto de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar asinou coa Confederación Empresarial de Ourense (CEO) un convenio para o desenvolvemento da BANG (Business Angels Network Galicia), unha rede galega de investidores privados que se porá en marcha durante o 2010, e na que a Consellería vai investir 51.000 €.

En concreto, os investidores poranse en contacto con aqueles emprendedores, que teñen boas ideas empresariais, pero non contan con medios económicos suficientes para poñelas en práctica. Así, a rede o que fai é revisar os plans de negocio dos emprendedores e no caso de que sexan viables contactan con posibles investidores para que estes proxectos poidan levarse a cabo.

Preto de 160 adopcións nacionais e internacionais formalizáronse en Galicia durante o primeiro semestre

Santiago, 9 de agosto de 2009.- Galicia rexistrou, durante o primeiro semestre de 2010, a formalización de preto de 160 adopcións, se se teñen en conta os autos de adopción nacionais (25) e as preasignacións internacionais (132). Ademais, hai que ter en conta que das 34 propostas de adopcións realizadas neste período (34), once foron de recién nados.

Ademais, a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, recibiu durante este período de tempo un total de 279 solicitudes de adopcións nacionais e internacionais.

Máis de 9.000 mozos participaron este ano nos campamentos, campos de traballo e actividades de multiaventura de Xuventude

Santiago, 31 de agosto de 2010.- A campaña 'Acción de Verán' chegou ao seu punto e final. As numerosas actividades de lecer e tempo libre que puxo en marcha a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado o pasado mes de xuño remata con balance "moi positivo", segundo resaltou o propio responsable do departamento autonómico, Ovidio Rodeiro.

A Xunta pon por primeira vez en marcha un programa de intercambios xuvenís en Europa que se desenvolverá en 7 países

Santiago, 10 de agosto de 2010.- A Xunta desenvolverá por primeira vez este ano o 'Programa galego de mobilidade: a xuventude no mundo', que se celebrará en 7 países diferentes. O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, presentou esta iniciativa de intercambios xuvenís, que se levará a cabo entre finais de agosto e o mes de outubro.

O programa, que vai destinado a mozos e mozas galegos que teñan entre 18 e 30 anos, permite aos seus participantes coñecer ao longo dunha semana o país elixido e os seus medios de vida, diferentes aos que habitualmente están acostumados. Os países que se ofertan son Italia, Francia, Grecia, Hungría, Romanía, Bulgaria e Portugal. En total, son nove programas a elixir en sete países. As prazas suman nesta edición 119 prazas.

Traballo porá en marcha unha campaña para divulgar o cooperativismo entre máis de 2.500 mozos de Galicia

Santiago, 22 de agosto de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha 'Cooperativízate', unha campaña para divulgar as potencialidades do cooperativismo entre a mocidade. A iniciativa, na que a Xunta investirá preto de 210.000 euros, estará fundamentalmente dirixida ao alumnado da Rede de centros de formación ocupacional, profesional e de formación secundaria de Galicia.

As previsións do departamento autonómico é chegar a máis de 2.500 mozos e mozas de Galicia. Para cumprir con este obxectivo, a escola cooperativa móbil do Consello Galego de Cooperativas desprazarase a un mínimo de 25 centros educativos de toda a xeografía galega.

Galicia perfila con Xapón o desenvolvemento dun intercambio xuvenil para establecer lazos de unión entre as dúas culturas

Santiago, 26 de xullo de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, acompañada polo director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, recibiu ao director de Planificación e Política de Prefectura de Wakayama, Yasufumi Kashiara, para perfilar o desenvolvemento do que será o primeiro intercambio xuvenil entre Galicia e esta rexión de Xapón co obxecto de establecer lazos de unión entre as dúas culturas.

PUBLICACIÓNS XULLO E AGOSTO 2010

As publicacións editadas pola consellería nos meses de xullo e agosto son as seguintes:

- ▶ BITEB. Nº 54, xullo de 2010
- ▶ Quérote+
- ▶ Estatísticas sociolaborais. Anuario 2009
- ▶ Galicia. Informe do paro rexistrado. Xuño 2010
- ▶ Tendencias do emprego en Galicia. 1º trimestre 2010
- ▶ Manual de formación para coidados no contorno familiar
- ▶ Galicia. Informe do paro rexistrado. Xullo 2010.



NORMATIVA DOG

- ▶ Resolución do 9 de xuño de 2010 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 7 de setembro de 2009, pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas para a educación familiar polas entidades locais de Galicia. (DOG nº 124, do 1.07.2010).
- ▶ Orde do 14 de xuño de 2010 pola que se regulan as bases para concesión de subvencións para a cobertura do custo de procesos de mediación familiar e se procede á súa convocatoria para 2010. (DOG nº 126, do 5.07.2010).
- ▶ Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embaixada. (DOG nº 127, do 6.07.2010).
- ▶ Orde do 1 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento en servizos sociais especializados na área de atención a persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 128, do 7.07.2010).
- ▶ Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. (DOG nº 131, do 12.07.2010).
- ▶ Orde do 29 de xuño de 2010 pola que se convoca o Programa Xuventude Crea. (DOG nº 134, do 15.07.2010).
- ▶ Orde do 5 de xullo de 2010 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. (DOG nº 134, do 15.07.2010).
- ▶ Orde do 9 de xullo de 2010 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais e sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento. (DOG nº 134, do 15.07.2010).
- ▶ Resolución do 16 de xullo de 2010 pola que se fai pública a ampliación de crédito dispoñible para o ano 2010 para a concesión de subvencións para a execución de proxectos de axuda humanitaria. (DOG nº 137, do 20.07.2010).
- ▶ Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2010. (DOG nº 138, do 21.07.2010).
- ▶ Orde do 9 de xullo de 2010 pola que se fixa o prezo de venda ao público dunha publicación da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 138, do 21.07.2010).
- ▶ Resolución do 16 de xullo de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación retornada e inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 139, do 22.07.2010).
- ▶ Resolución do 11 de xuño de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo galego de centros especiais de emprego. (DOG nº 139, do 22.07.2010).
- ▶ Resolución do 16 de xullo de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a entidades sen ánimo de lucro para desenvolver programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 140, do 23.07.2010).
- ▶ Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se crean, modifican e suprimen ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes en materia de promoción de actividades e mobilidade xuvenil na extinta Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. (DOG nº 141, do 26.07.2010).
- ▶ Orde do 20 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais nos ámbitos da atención ás persoas maiores e persoas con discapacidade e se procede á súa



NORMATIVA DOG

convocatoria. (DOG nº 141, do 26.07.2010).

- Orde do 20 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996, relativa á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. (DOG nº 145, do 30.07.2010).
- Orde do 22 de xullo de 2010 pola que se establece a oferta de programas de cualificación profesional inicial en centros públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 147, do 3.08.2010).
- Resolución do 27 de xullo de 2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se determinan os prazos de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan programas de cualificación profesional inicial e se ditan instrucións para o seu desenvolvemento no curso académico 2010-2011. (DOG nº 147, do 3.08.2010).
- Orde do 18 de xuño de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas dentro do Programa de apoio ás traballadoras e traballadores afectados por expedientes de suspensión de contratos do sector téxtil e da confección, e se efectúa a súa convocatoria para o exercicio 2010. (DOG nº 147, do 3.08.2010).
- Resolución do 30 de xullo de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas de apoio a mulleres xestantes e/ou lac-

tantes con fillas/os menores de tres anos, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 149, do 5.08.2010).

- Orde do 22 de xullo de 2010 pola que se establece a convocatoria pública e se regula o procedemento de concesión das subvencións aos/as traballadores/as excedentes do sector téxtil e da confección con motivo dos cambios estruturais no comercio mundial para o ano 2010. (DOG nº 149, do 5.08.2010).
- Orde do 27 de xullo de 2010 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio 2010, convocadas pola Orde do 28 de decembro de 2009. (DOG nº 149, do 5.08.2010).
- Resolución do 30 de xullo de 2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional inicial no curso 2010-2011. (DOG nº 150, do 6.08.2010).
- Orde do 4 de agosto de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas en materia agroforestal, por entidades de iniciativa social, dedicadas a fomentar a integración social e laboral de persoas con discapacidades ou en risco de exclusión social na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2010. (DOG

nº 154, do 12.08.2010).

- Resolución do 12 de agosto de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a do 26 de marzo de 2010 pola que se regulan as bases e se convocan axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. (DOG nº 158, do 18.08.2010).
- Orde do 9 de agosto de 2010 pola que se establece o procedemento de aboamento de cotas á Seguridade Social a traballadores e traballadoras que perciben a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único e se procede á convocatoria das correspondentes axudas. (DOG nº 158, do 18.08.2010).
- Resolución do 17 de agosto de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para centros e recursos integrais para mulleres, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (SI427A). (DOG nº 160, do 20.08.2010).
- Resolución do 22 de xullo de 2010 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 8 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2010. (DOG nº 161, do 23.08.2010).
- Orde do 29 de xullo de 2010 pola que se designa o órgano estatístico sectorial da Presidencia da Xunta de Galicia. (DOG nº 163, do 25.08.2010).

NORMATIVA DOUTRAS CCAA



ANDALUCÍA

- Resolución de 14 de julio de 2010, de la Dirección General de Formación Profesional, Autónomos y Programas para el Empleo del Servicio Andaluz de Empleo, por la que se aprueba la convocatoria de concesión de subvenciones para el desarrollo de la modalidad de Forma-

ción de Oferta, correspondiente al Programa de Formación para Formadores y Gestores de la Formación Profesional para el Empleo para el año 2010, en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Andalucía, al amparo de lo dispuesto en la Orden de 23 de octubre de 2009. (BOJA do 27.07.2010)

- Resolución de 8 de julio de 2010, del Instituto Andaluz de la Mujer, por la que se efectúa la definición del programa Asocia. (BOJA do 27.07.2010)
- Resolución de 14 de julio de 2010, de la Dirección General de Formación Profesional, Autónomos y Programas para el Empleo del Servi-

cio Andaluz de Empleo, por la que se aprueba la convocatoria de concesión de subvenciones para el desarrollo de acciones de formación de oferta dirigida prioritariamente a trabajadores ocupados para el año 2010, en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Andalucía, al amparo de la Orden de 23 de octubre de 2009. (BOJA do 28.07.2010)

- Resolución de 14 de julio de 2010, de la Dirección General de Formación Profesional, Autónomos y Programas para el Empleo del Servicio Andaluz de Empleo, por la que se aprueba la convocatoria de concesión de subvenciones para el desarrollo en la modalidad de formación de oferta de acciones formativas dirigidas prioritariamente al programa para personas ocupadas en pequeñas y medianas empresas, empresas de economía social y autónomos para el año 2010, en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Andalucía, al amparo de lo dispuesto en la Orden de 23 de octubre de 2009. (BOJA do 147 de 28.07.2010)
- Resolución de 14 de julio de 2010, de la Dirección General de Formación Profesional, Autónomos y Programas para el Empleo del Servicio Andaluz de Empleo, por la que se aprueba la convocatoria de concesión de subvenciones para el desarrollo de acciones de formación de oferta dirigida prioritariamente a trabajadores desempleados para el año 2010, en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Andalucía, al amparo de la Orden de 23 de octubre de 2009. (BOJA do 03.08.2010)
- Orden de 26 de julio de 2010, por la que se modifica la de 3 de agosto de 2007, por la que se establecen la intensidad de protección de los servicios, el régimen de compatibilidad de las prestaciones y la gestión de las prestaciones económicas del sistema de autonomía y atención a la dependencia en Andalucía. (BOJA do 09.08.2010)
- Resolución de 27 de julio de 2010, de la Dirección General del Instituto Andaluz de la Juventud, por la que se aprueba el Programa de Formación del Instituto Andaluz de la Juventud para 2010, dirigido a personas integrantes de asociaciones juveniles o interesadas en el tejido asociativo juvenil y se hace pública la oferta de actividades formativas incluidas en el mismo. (BOJA do 10.08.2010)

ARAGÓN

- Orden de 21 de junio de 2010, del Vicepresidente del Gobierno, por la que se dispone la publicación del acuerdo de modificación del convenio de colaboración, entre el Ministerio de Igualdad y la Comunidad Autónoma de Aragón, para la realización de programas de reeducación de maltratadores. (BOA do 01.07.2010)
- Orden de 28 de junio de 2009, del Vicepresidente del Gobierno, por la que se dispone la publicación del Convenio de colaboración, entre el Ministerio de Trabajo e Inmigración y la Comunidad Autónoma de Aragón, para la utilización conjunta de la web redtrabaj@ (BOA do 14.07.2010)
- Decreto 130/2010, de 6 de julio, del Gobierno de Aragón, sobre transferencia de funciones y servicios de la Diputación Provincial de Huesca a la Comunidad Autónoma de Aragón en materia de asistencia, bienestar social y desarrollo comunitario. (BOA do 20.07.2010)
- Orden de 12 de julio de 2010, del Vicepresidente del Gobierno, por la que se dispone la publicación del anexo de adhesión de la Comunidad Autónoma de Aragón al Convenio de colaboración entre el Ministerio de Igualdad y MicroBank para realizar actuaciones de promoción y apoyo a la juventud emprendedora y empresaria, enmarcadas en el desarrollo del «Programa de Microcréditos» INJUVE, durante el año 2010. (BOA do 27.07.2010)
- Resolución de 5 de julio de 2010, de la Dirección Gerencia del Instituto Aragonés de Empleo, por la que se modifica el crédito presupuestario previsto en la Resolución de 10 de marzo de 2010, de la Dirección Gerencia del Instituto Aragonés de Empleo, de convocatoria de subvenciones para el año 2010, en el ámbito de colaboración con órganos de la Administración General del Estado y sus organismos autónomos, órganos de la Administración de la Comunidad Autónoma de Aragón y sus organismos adscritos o dependientes, universidades e Instituciones sin ánimo de lucro, para la contratación de trabajadores desempleados en la realización de obras y servicios de interés general y social. (BOA do 29.07.2010)
- Decreto 147/2010, de 20 de julio, del Gobierno de Aragón, por el que se autoriza al Departa-

mento de Servicios Sociales y Familia a efectuar una encomienda de gestión al Servicio Aragonés de Salud para la realización de determinadas actuaciones en materia de cooperación para el desarrollo en el sector de la salud. (BOA do 02.08.2010)

- Orden de 14 de julio de 2010, del Departamento de Servicios Sociales y Familia, por la que se autoriza una encomienda de gestión al Instituto Aragonés de la Juventud para la realización de determinadas actuaciones de sensibilización en materia de cooperación para el desarrollo dirigida a la juventud aragonesa. (BOA do 04.08.2010)
- Resolución de 28 de julio de 2010, de la Dirección Gerencia del Instituto Aragonés de Empleo, por la que se resuelve la convocatoria de 2010 del programa de subvenciones para la contratación de Agentes de Empleo y Desarrollo Local en el ámbito de colaboración con las entidades locales. (BOA do 13.08.2010)
- Orden de 24 de julio de 2010, del Departamento de Economía, Hacienda y Empleo, por la que se convocan ayudas específicas para la realización de acciones formativas apoyadas en las tecnologías de la información y la comunicación, dirigidas a las zonas rurales que se integran en el Plan de Formación para el Empleo de Aragón para 2010. (BOA do 19.08.2010)
- Orden de 30 de julio de 2010, del Departamento de Economía, Hacienda y Empleo, por la que se aprueba la convocatoria para la concesión de subvenciones públicas para la ejecución de planes de formación dirigidos prioritariamente a los trabajadores ocupados del Plan de Formación para el Empleo de Aragón correspondiente al año 2010. (BOA do 19.08.2010)

ASTURIAS

- Ley del Principado de Asturias 4/2010, de 29 de junio, de Cooperativas. (BOPA do 12.07.2010)

CANARIAS

- Resolución de 29 de junio de 2010, del Presidente, por la que se procede a la modificación de la Resolución de 4 de diciembre de 2009, que aprueba la convocatoria, en el marco del

Plan Canarias Emplea, para conceder subvenciones destinadas al desarrollo de proyectos generadores de empleo en colaboración con las Corp. (BOC do 6.07.2010)

- ▶ Servicio Canario de Empleo.- Resolución de 29 de junio de 2010, del Presidente, por la que se establece la convocatoria para el año 2010 para la concesión de subvenciones dirigidas a la Inserción Sociolaboral en Empresas de Inserción, en el marco del Plan Canarias Emplea, incluidas en la Programación 2010, cofinanciadas por el Fondo Social Europeo. (BOC do 8.07.2010)
- ▶ Resolución de 21 de junio de 2010, del Presidente, por la que se establece, en el marco del Plan Canarias Emplea, el programa de incentivos a la contratación laboral de jóvenes desempleados Dale una Experiencia Laboral. (BOC do 8.07.2010)
- ▶ Resolución de 2 de julio de 2010, del Director, por la que se conceden subvenciones destinadas a las Corporaciones Locales de Canarias que correspondan a municipios con más de 95.000 habitantes, a las entidades dependientes o vinculadas a ellas, en el ejercicio 2010, convocadas mediante Resolución del Presidente de 4 de diciembre de 2009 (BOC nº 244, de 15.12.09), modificada por Resoluciones de 21 de enero de 2010 (BOC nº 19, de 29.1.10) y de 12 de mayo de 2010 (BOC nº 98, de 20.5.10). (BOC do 12.07.2010)
- ▶ Orden de 1 de julio de 2010, por la que se aprueban las bases reguladoras, de vigencia indefinida, que regirán las convocatorias de concesión de subvenciones del Instituto Canario de Igualdad, en régimen de concurrencia competitiva, destinadas a fomentar la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres en el ámbito laboral. (BOC do 20.07.2010)
- ▶ Orden de 5 de julio de 2010, por la que se aprueban las bases reguladoras, de vigencia indefinida, que regirán las convocatorias de concesión de subvenciones del Instituto Canario de Igualdad, en régimen de concurrencia competitiva, destinadas a fomentar la creación e implantación de unidades de igualdad de género en las Corporaciones locales canarias y a favorecer la conciliación de la vida personal, familiar y laboral de las mujeres y los

hombres en el ámbito local. (BOC do 20.07.2010)

